

**O PSOE anuncia iniciativas no Parlamento para coñecer se a Xunta “é cómplice” de que o Goberno retire oficialmente o anteproxecto que suprime os Partidos Xudiciais da provincia**

González Santín, acompañado de Ricardo Varela, fixo este anuncio logo de que o senador informase de que o Partido Popular “tumbou” na Cámara Alta as propostas do Grupo socialista que ían dirixidas, por tanto, a garantir o mantemento das nove circunscricións lucenses

Dado que o anteproxecto entrou no Consello de Ministros o 4 de abril de 2014 “e non saíu, pero tampouco temos a certeza de que fose ao lixo”, Varela puxo en dúbida a credibilidade do Executivo en todo aquilo a que se compromete, tildándoa de “bastante escasa”

“E nós que pensabamos que a era Gallardón quedara soterrada. Realmente, nin está soterrada, nin resucitou. Realmente, nunca morreu”, apuntou Santín. Por iso, pregúntase “qué agocha” realmente o Partido Popular con esta actuación, pois suprimir estas circunscricións “dana aos cidadáns, aos municipios, o acceso á Xustiza, o dereito a ser xusticiado e tamén o aforro económico”

En previsión desta situación, os socialistas da provincia levaron a cabo unha intensa campaña neste eido nos últimos meses: provomeron mobilizacións e xornadas informativas nos municipios que posúen estes órganos; presentaron mocións no Parlamento e nos Concellos; recolleron sinaturas; e, incluso, en xullo de 2014, lle solicitaron unha entrevista ao ex Ministro Gallardón por esta causa, sen obter resposta

**LUGO, 5 DE MARZO DE 2015.**-O secretario Provincial e deputado autonómico –Juan Carlos González Santín- e o senador lucense –Ricardo Varela- anunciaron este xoves que o Grupo Parlamentario Socialista presentará iniciativas na Cámara galega para coñecer se o Goberno galego tamén é “cómplice e co-partícipe” de que o Executivo Central retire de forma oficial o anteproxecto da Lei Orgánica do Poder Xudicial, aprobado en abril de 2014, e que supón a desaparición dos Partidos Xudiciais lucenses coa creación dos tribunais provinciais de instancia. González Santín, acompañado de Ricardo Varela, fixo este anuncio logo de que o senador informase de que o Partido Popular “tumbou” as propostas impulsadas polo PSOE na Cámara Alta, e que ían dirixidas neste senso e, por tanto, a garantir o mantemento das nove circunscricións existentes na provincia.

“Realmente esta decisión e este rexeitamento nos crea unha profunda preocupación. Fai saltar todas as nosas alertas e sospeitas. Por un lado, cárganse a Gallardón, por certo, o ministro que pasou á historia por poñer a todo o sector xurídico en contra, dicindo que o anteproxecto non vai para diante e agora resulta que, os mesmos que aseguraban isto, votan en contra das nosas propostas. Non fai falta ser xuíz ou avogado para darse conta de que a incongruencia e a contradición é absoluta e clara”, destacou o secretario Provincial.

A este respecto, Ricardo Varela remarcou que o anteproxecto entrou no Consello de Ministros o 4 de abril de 2014 “e non saíu, pero tampouco temos a certeza de que fose ao lixo, polo que non sabemos en qué situación está”. “É un anteproxecto en estado latente, nunha situación durminte”, ironizou. Neste senso, puxo en dúbida a credibilidade do Executivo en todo aquilo co que se compromete, tildándoa de “bastante escasa”. “Por iso, mantivemos estas mocións, a pesares de que o Goberno diga que non neste momento”, apuntou.

### **“A era de Gallardón nunca morreu”**

“E nós que pensabamos que a era Gallardón quedara soterrada. Realmente, nin está soterrada nin resucitou. Realmente, é que nunca morreu”, apuntou Santín. Por iso, os socialistas preguntáanse “qué agocha realmente o Partido Popular con esta actuación e que é o que pretende? Se é que é moi sinxelo: a aceptación das nosas iniciativas era a proba do algodón para dar carpetazo a este anteprojecto”, insistiron. A este respecto, Varela indicou que “loxicamente isto ten moito que ver coas vindeiras eleccións, pois só deste xeito se explica que o Goberno deixase esta intención durmindo nun caixón e non a retirase definitivamente”.

### **Reivindicacións dos socialistas**

Esta reivindicación non é un feito alleo pois, nestes meses, os socialistas da provincia levárona cabo unha intensa campaña neste eido. Concretamente, promoveron mobilizacións nos diferentes municipios implicados pola redución das circunscricións; presentaron mocións no Parlamento de Galicia e nos Concellos; recolleron sinaturas en contra da supresión dos Partidos Xudiciais; desenvolveron xornadas informativas nas cabeceiras de comarca que teñen este órgano; e, incluso, en xullo de 2014, lle solicitaron unha entrevista ao ex Ministro Gallardón por esta causa; unha petición da que, por certo, subliñou o secretario Provincial, “nunca tivemos resposta”.

“O único que fixemos sempre é defender que non nos quiten o que temos e intentar paralizar o que sería unha gran desfeita xudicial, pois de levarse a cabo as consecuencias para a realidade socioeconómica da provincia serían gravísimas e espeluznantes”, afirmaron. E é que, tal e como destacou Ricardo Varela, suprimir estas circunscricións “dana aos cidadáns dana aos municipios, dana o acceso á Xustiza, dana o dereito a ser xusticiado e tamén dana o aforro económico”.

### **“Efecto totalmente devastador”**

“O efecto en Lugo sería totalmente devastador”, defendeu Santín, pois entre outros efectos negativos, “provocaría un maior aumento do despoboamento da nosa provincia que, na actualidade, xa conta con máis de 300 aldeas cun único habitante”. Por outra banda, tamén se incrementarían os custos para os cidadáns, vulnerando así a defensa dos seus dereitos e o seu acceso á unha tutela xudicial efectiva, tal e como rexe o artigo 24.1 da Constitución Española.

E é que, no suposto caso de poñerse en marcha o novo sistema, o 60% da poboación lucense tería desprazamentos de máis de dúas horas ao novo Partido Xudicial e os concellos, nos que se sitúan os actuais, perderían o seu *status* xudicial.